


LECTURAS PARA O NADAL, 1º CICLO ESO, IES, ARMANDO COTARELO VALLEDOR, VILAGARCÍA

"Ameaza na Antártida". Ramón Caride e Miguel Anxo Prado. Xerais.



Said e Sheila, os dous irmáns do futuro que xa protagonizaran *Perigo vexetal* (premio Merlín, 1995) e *O futuro roubado*, viven aquí unha nova e inquietante aventura. Todo comeza cando descubren unha estraña mortandade de peixes no río que hai preto da súa casa. A procura das causas do desastre ecolóxico lévaos ó descubrimento dun terrible plan promovido por Anatoly Koprissos, un multimillonario grego que pretende dominar o mundo mediante a enerxía nuclear. *Ameaza na*

Antártida é unha magnífica narración, cos ingredientes que caracterizan as mellores novelas e películas de aventuras.

"Cando Petan na porta pola noite". Xabier P. Docampo, Xerais.



Catro relatos de misterio que Docampo adica ós seu pais, dos que di que foron grandes contadores de contos. Son historias que cando as lemos, parece que as estamos escoitando, o cal fai que o noso medo vaia en aumento e ademais poden facer lembrarnos os nosos medos que criamos especiais: aquela carballeira chea de sombras, o vento que abanea os salgueiros, a neve que nos chamaba a andar e ía borrando as nosas pisadas co risco de perdernos, a brétema que non nos deixa enxergar que seres se ocultan...

"Memorias dun raposo". A. Reigosa. Xerais.



Afonso Alfonso é un raposo que vive entre a Pena da Roca e o Pombeiro, entre As Fiosas e o Padornelo. Afonso naceu no Morollo da Golpilleira. Hai quen lle chama Pedro, ou Perico, porque se parece moito a un seu avó. Outros, coma se fose o demo, chámanno O das zapatillas, polo lixeiro e silandeiro que anda. A Golpilleira, a casa grande dos raposos, é case toda ela dos homes. Pero é moito máis aínda. Se estades espertos, se poñedes a orella, escoitaredes todo o que se move, todo o que vive, anda, corre, dorme, o que medra e o que morre.

"Cuando los gatos se sienten tan solos". Mariasun Landa. Anaya.




A Maider le preocupa su gata Ofelia porque dice que los gatos se sienten muy solos. A ella también le pasa algo parecido, desde que su madre ha decidido volver a trabajar en el teatro y su padre se ha marchado a vivir solo una temporada. La cosa se complica el día en que Ofelia se escapa del caserío y Maider sale en su busca sin importarle el riesgo.

"Cuentos escritos a máquina". Gianni Rodari. Ed. Alfaguara



Veintiséis cuentos de un maestro de la literatura infantil, que recibió el premio internacional Hans Christian Andersen por el conjunto de su obra. Estos relatos combinan magistralmente el humor, la imaginación y la más desbordante fantasía con una visión crítica e irónica del mundo actual.

"La cazadora de Indiana Jones" BALZOLA, A. Ed. SM, 1996.



Christie es la pequeña de cuatro hermanos. En su casa las cosas no marchan bien económicamente y, por consiguiente, ella hereda la ropa de todos sus hermanos. Lo último que ha heredado es una cazadora que le queda enorme y que ella afirma que fue la que Harrison Ford utilizó en su papel de Indiana Jones, lo cual le causa algunos problemas.

"Los escarabajos vuelan al atardecer". GRIPE, María. Ed. SM



Tres muchachos cuidan las plantas de una quinta deshabitada y deciden explorarla. Cada exploración termina con un enigma. Además, descubren un paquete de cartas del siglo XVIII. Narran la historia de amor entre Emile y Andreas, que termina trágicamente por culpa de un maleficio.

"Xela volveuse vampira" il. Fina Casalderrey. Ed. Baia.



Xela é a mellor mestra do mundo! Mais semella unha morta vivente de ollos violeta que pousan acotío no chan. Estarase a volver vampira? Breixo tentará descubri-lo. Con esta colección pretendemos romper coa tendencia de asignar roles estereotipados a nenos e nenas, que condicionan a capacidade de soñar sen límites no propio futuro, de imaxinar un mundo de igualdade entre homes e mulleres.

LECTURAS PARA O NADAL

"*Xela volveuse vampira*!!". Fina Casalderrey. Ed. Baia.



Xela é a mellor mestra do mundo! Mais semella unha morta vivente de ollos violeta que pousan acotío no chan. Estarase a volver vampira? Breixo tentará descubri-lo.

Con esta colección pretendemos romper coa tendencia de asignar roles estereotipados a nenos e nenas, que condicionan a capacidade de soñar sen límites no propio futuro, de imaxinar un mundo de igualdade entre homes e mulleres.


"*Un día de treboada*". María de Mata. Ed. Baia.



Unha terrible treboada ameaza unha aldea galega. A intervención da nai de Aldara axudará a salvar a situación e provocará importantes cambios nas relacións entre os seus habitantes.

Con esta colección pretendemos romper coa tendencia nos contos infantís de asignar roles estereotipados a nenos e nenas, que condicionan a capacidade de soñar sen límites no propio futuro, de imaxinar un mundo de igualdade entre homes e mulleres.

"*A Cova dos Mouros*". Xavier A. Barreiro Liz. Ed. Baia.




Cando un neno atopa un camiño que leva a un mundo onde as leis da natureza non son as que coñecemos, calquera cousa pode suceder.

Unha cova máxica chea de personaxes (amigos ou non tanto) e sobre todo de aventuras vai pasando ante nós páxina a páxina. Abdul medra pouco a pouco coñecendo seres diferentes nun universo novo para todos nós.

Só nas derradeiras páxinas chegaremos a descubrir o tesouro que agochaba a cova

"*Moko*". Cristina Sáez Cazallas. Ed. Baia.



Moko chegou ao noso planeta en 1998 para alertar os habitantes da Terra dos perigos da destrución da capa de ozono... Pouquiños días antes de que a segunda edición desta historia saíse da imprenta, apareceu na prensa a nova de que o buraco na capa de ozono está no seu nivel máis baixo dos últimos dez anos. Sería unha loucura pola miña parte pensar que Moko contribuíu dalgún xeito, aínda que fose nunha infinitésima parte, a este logro.

Pero se un só lector ou lectora lembrou este libro ao ver nos xornais esta afirmación tan esperanzadora, eu xa me sinto máis que satisfeita.

Con formato

